



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: *Aprobación lista definitiva e orde da Bolsa de emprego Técnico/a Animación Física/Deportiva Código RPT 5115*

Expediente: *2024/G003/000771 – 2024/X999/000098*

María Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, e no uso das facultades conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local,

Visto que mediante Resolución da Alcaldía núm. 615/2024 de data 01.10.2024 aprobáronse as bases para a formación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais de persoal **TÉCNICO/A ANIMACIÓN FÍSICA DEPORTIVA**

Visto que mediante Resolución da Alcaldía núm. 676/2024 de data 23.10.2024, foi aprobada a lista de admitidos e excluídos definitiva, nomeamento do Tribunal y a súa constitución para o inicio do procedemento selectivo o día 28.10.2024.

Visto que o Tribunal sinalou o día 06.11.2024 para a realización da entrevista persoal, de acordo coas bases publicadas, procédese a constitución do Tribunal e a realización de chamamentos para a entrevista persoal.

Vista a acta do Tribunal de selección de data 06.11.2024, e de acordo co previsto nas bases e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como no Regulamento Orgánico do Concello de Lousame e as bases da presente selección,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte lista pola orde resultante da puntuación obtida no procedemento de selección para a creación da bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais de persoal **TÉCNICO/A ANIMACIÓN FÍSICA DEPORTIVA** do Concello de Lousame:

	Nome e apelidos	Experiencia laboral	Formación	Entrevista persoal	Puntuación total
1	Sánchez Fernández, Diego	0	3	1,80	4,80
2	Laya Pérez, Oscar	0	3	1,75	4,75
3	Iglesias Rial, Martín	0	2,80	1,50	4,30
4	Fandiño Docanto, José	0	3	1,25	4,25
5	Taboada García, Javier	0	3	1,20	4,20

SEGUNDO: A presente bolsa de emprego terá una duración de **CATRO (4) ANOS** contados dende a publicación da presente Resolución, sen prexuízo da súa ampliación e actualización.

TERCEIRO: Publicar a presente Resolución no Taboleiro de anuncios do Concello así como na sede electrónica do Concello.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

